

EXCURSIÓN “ILLAS DE GALICIA I”

ILLA DE CORTEGADA-Cambados

Domingo 14 de xuño

CORTEGADA

Imos coñecer parte do “Parque Nacional das Illas Atlánticas”, en concreto, a Illa de Cortegada, profundizando nos seus ecosistemas, flora e fauna, historia, lendas,... Embarcaremos no porto de Carril en pequenos grupos para trasladarnos a Illa. Alí coñeceremos ,da man dun guía autorizado, as rutas dos sendeiros acondicionados no interior da illa, visitando o maior bosque de loureiros do Sur de Europa. Coñeceremos a historia da illa, as orixes da aldea, a súa posterior donación ao rei Alfonso XIII e a súa actual recuperación para dominio público. Ao mediodía finalizaremos a actividade.

Xantar de picnic a cargo do participante

- *Na Illa non hai locais de restauración, polo que o grupo debe levar o seu propio xantar e auga
- *Na Illa hai baños. Se van familias con nenos pequenos, recoméndase que non leven cochecitos.
- *Os horarios da visita a Illa poden sufrir modificacións en función das mareas.



CAMBADOS

Pola tarde tempo libre en Cambados. Cambados posúe un Conxunto Histórico que foi declarado “Ben de Interese Cultural”. É un dos mellor restaurados de Galicia. O patrimonio cambadés loce pazos e casas nobles, esculturas deseñadas por grandes artistas e pezas de arte popular, prazas e rúas empedradas, un pracer para quen ama a arte e a historia.



PREZO: 25€

*Dadas as características desta excursión, no caso de mal tempo, veráse aprazada.